



O conselleiro delegado de MasOrange visitou o presidente da Xunta e ratificoulle a aposta da compañía por Galicia para seguir dándolle pulo ao desenvolvemento socioeconómico e tecnolóxico de Galicia

MasOrange/R acadarán este ano o 100 % de cobertura 5G na contorna rural galega

- *O investimento histórico acumulado por MasOrange en Galicia supera os 2300M€ e está a investir máis de 200M€ adicionais en 3 anos para seguir despregando as mellores redes fixas e móbiles na comunidade.*
- *R e MasOrange ofrecen xa 5G a máis do 95% dos municipios gallegos de menos de 10.000 habitantes grazas ao plan UNICO 5G_Redes Activas, e alcanzarán o 100% en 2026.*
- *Líder en infraestruturas en Galicia: O 97% da poboación dispón de 5G e este ano acadarase unha cobertura practicamente completa.*
- *A súa rede de fibra chega a máis de 1,7M de fogares nos 313 municipios galegos, onde goza xa da alta velocidade da compañía case que a totalidade da poboación.*
- *R é a marca de referencia do Grupo MasOrange en Galicia e a opción preferida por particulares e negocios polo seu alto nivel de calidade de servizo.*
- *O Grupo MasOrange en Galicia xera preto de 4.200 empregos –directos e indirectos– e as súas marcas contan con case que 2M de servizos totais nas catro provincias da comunidade.*
- *MasOrange é o operador de referencia das empresas e administracións públicas galegas, con contratos tan importantes como Abanca, Inditex, Gadisa ou os 4 Colexios Oficiais de Farmacéuticos de Galicia, entre outros.*

Venres, 23 de xaneiro de 2026- O conselleiro delegado de MasOrange, **Meinrad Spenger**, a directora xeral de Regulación, Asuntos Públicos e Sostibilidade da compañía, **Luz Usamentiaga**, e **Alfredo Ramos**, director de R e de MasOrange en Galicia, mantiveron esta semana un encontro institucional co presidente da Xunta, **Alfonso Rueda**, no que ratificaron o seu compromiso **con Galicia para impulsar a dixitalización de cidadáns/ás, empresas e administracións públicas da comunidade.**

R e MasOrange comezan 2026 co reto de lles dar percorrido aos avances logrados en Galicia no último ano: **máis conectividade, máis innovación e máis compromiso, cunha rede máis potente, servizos dixitais de última xeración** e un claro pulo á formación e á cultura.

A aposta do grupo por promover o **desenvolvemento socioeconómico e tecnolóxico do territorio** converteuno no **operador de maior cobertura de banda larga en Galicia**. A súa rede 5G acada o 97% da poboación, porcentaxe que chegará a **preto do 100 % este mesmo ano**, o que pechará a fenda dixital existente nesta rexión; e practicamente o 100% dos fogares **-1,7M hogares e empresas en 313 municipios-** contan coa **fibra óptica máis moderna do mercado**.



Plan UNICO 5G: 250 municipios galegos á vangarda

Doutra banda, **R e MasOrange** chegaron xa coa súa cobertura móbil 5G a máis do 95 % dos case que 250 municipios galegos de menos de 10.000 habitantes programados no plan UNICO 5G_Redes Activas e ao final deste ano alcanzará o 100% destes municipios con esta tecnoloxía.

Financiado polo Fondo de Recuperación da Unión Europea ‘NextGenerationEU’ e xestionado polo Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública (Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do Goberno), o programa de axudas UNICO 5G_Redes Activas prevé **traballos en Galicia en case que un milleiro de estacións móbiles**, 129 delas de nova construción.

MasOrange —a través da súa marca Orange— foi a principal adxudicataria en Galicia, cun total de 70M€ de investimento ata finais de 2026 (98 % do orzamento asignado na comunidade), dos que 22,7M€ corresponden á Coruña, 20,5M€ a Lugo, 17,6M€ a Ourense e 9,6M€ a Pontevedra.

Aposta polos cidadáns e empresas en Galicia

O Grupo MasOrange acumula en Galicia **máis de 2.300M€ de investimento histórico** e está a investir outros **200M€ en 3 anos no desenvolvemento das redes máis modernas de 5G e fibra e servizos innovadores**, o que consolida a comunidade entre as rexións máis avanzadas. Así mesmo, xera cerca de **4.200 empregos** —directos e indirectos— e as súas marcas suman preto de **2M de servizos**.

Ademais, as marcas de MasOrange —incluída **R**, cun 8— superan en satisfacción os niveis dos seus grandes competidores, segundo datos de GFK [3.º trimestre de 2025].

Servizos como as chamadas **VoLTE** (sobre 4G) sen custo adicional, o **eSIM** (cartón virtual seguro e sostible) ou a “**chamada visible**” (identificación do emisor na pantalla para minorar *spam* e fraude telefónica) fan xa parte do catálogo avanzado de **R**.

Canto **ao mercado empresarial e administracións públicas**, **R** ofrécelles ás empresas de Galicia un catálogo de solucións tecnolóxicas extenso e adaptado ás necesidades de cada unha delas en eidos tan importantes como a automatización de procesos con **IA**, **Big Data**, solucións **cloud** e **IoT**.

Ademais, o operador galego dispón dun **centro de datos avanzado** (*datacenter*) que garante máxima calidade e seguridade na xestión de información empresarial.

Entre os principais referentes comerciais de **R** e de Orange en Galicia figuran **Abanca**, **Jealsa**, **Gadisa**, **Inveravante**, **Inditex**, **Pérez Rumbao**, **Plexus**, os **4 Colexios Oficiais de Farmacéuticos de Galicia**, **Parfois**, **Reganosa**, **MN Program**, **Emails**, **EOS Spain**, **AD Grupo Regueira**, **Cupire**, e varios medios de comunicación galegos como **La Voz de Galicia**, **El Progreso**, **Diario de Pontevedra**, **La Región e Atlántico Diario**, ademais das **Universidades de Vigo e Santiago**.

Máis compromiso e sostibilidade local

R mantén un forte compromiso social con Galicia, onde destacou en varias edicións do **Atlas Galego da Empresa Comprometida**, tendo recibido na última delas (2025) o distintivo de **tres estrelas en bo goberno, medio ambiente e impacto local**.

Ademais, a compañía renovou por catro anos a **Cátedra R en Ciberseguridade** coas universidades da Coruña e Vigo, ampliándoa a tecnoloxías intelixentes aplicadas ao negocio. Tamén fortaleceu **alianzas con APD** e o **Círculo de Empresarios de Galicia** para impulsar a formación en innovación, tecnoloxía e sostibilidade; e coa **Confederación de Empresarios de Galicia** e o **Nordés Club** na mesma liña.

No ámbito social **R** sustenta igualmente o **patrocinio do Celta Integra**, promove a inclusión dixital de mulleres en risco de exclusión a través do **proxecto Edyta** (cunha aula en Ourense e outra en Lugo) e apoia persoas autistas con dúas aulas TEA que xa suman 1,5 millóns de beneficiarios/as. Así mesmo, dende o verán pasado está en marcha o **primeiro GarageLAB de Galicia en Vigo** para combater o abandono escolar e mellorar competencias dixitais de xente nova vulnerable, e impartíronse xa máis de 50 cursos en municipios rurais dentro do proxecto “**Reto Rural Dixital**” da Fundación Orange.

Sobre R

R é o operador de telecomunicacións líder de Galicia, que ofrece servizos de Internet, telefonía fixa, telefonía móbil, banda larga, televisión dixital e luz+gas. E para empresas e administracións públicas, **R** integra unha oferta completa de servizos dixitais avanzados: conectividade empresarial de alto rendemento, postos de traballo 100% dixitais, ciberseguridade xestionada, solucións ‘cloud’ e infraestrutura, IoT+solucións 5G e capacidades de datos e intelixencia artificial para sectores clave.

Como marca recoñecida, con forte implicación local e líder en fibra óptica e servizos converxentes, **R** é a opción preferida nos fogares e nas empresas de Galicia alí onde ten despregada a súa rede de fibra óptica.

Dende 2024 forma parte do grupo MásOrange, líder do sector das telecomunicacións en España por número de clientes. O operador galego é a insignia do grupo en Galicia, onde xa superou a cifra de 1,7 millóns de fogares cubertos coa fibra óptica máis avanzada do mercado e o 97% da poboación con dispoñibilidade de acceso ao 5G. (**R.gal**)

Sobre MasOrange

MasOrange é o maior operador de telecomunicacións en España por número de clientes, con máis de 40 millóns de liñas móbiles e de banda larga. Ademais, ofrece servizos de televisión, seguros, enerxía, seguridade do fogar, venda a prazos de dispositivos, saúde, ciberseguridade e solucións na nube, tanto para clientes particulares como empresariais.

O grupo opera a través de 8 marcas nacionais (Orange, Yoigo, Jazztel, MASMOVIL, Símyo, Pepephone, Lebara e Llamaya) e 5 marcas rexionais (Euskaltel, R, Telecable, Guuk e Embou), coas que cobre todas as necesidades dos seus clientes en España.

A oferta de fibra óptica de MasOrange chega a 31 millóns de fogares e empresas, a súa rede móbil 4G cobre máis do 99 % da poboación e a súa rede 5G máis do 93 %, e está dispoñible en máis de 4000 municipios en todo o país.

A compañía aspira a ser o operador cos clientes máis satisfeitos do mercado, consolidarse como motor do talento e liderar a economía en España, respectando sempre as persoas e o planeta. Así mesmo, traballa para facer que a tecnoloxía sexa accesible para todos –con especial fincapé na España baleirada– e desenvolve produtos e servizos que melloran a experiencia do cliente.

comunicación R

prensa@mun-do-r.net

R.gal

ANEXO:

foto xuntanza Meinrad Spenger-Alfonso Rueda_Santiago de Compostela.